


CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O POSTO DE SECRETARIO/A XERAL	 MEXILLÓN DE GALICIA Consello Regulador

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN

OCUPACIÓN: NÚMERO DE PRAZAS: **1(UNHA)**

PROCEDEMENTO: **PROCESO SELECTIVO**

TIPO DE CONTRATO: **INDEFINIDO**

I. INTRODUCCIÓN

De acordo ás necesidades organizativas, o Pleno do Consello Regulador do Mexillón de Galicia con data 19 de decembro do 2019 acordou a convocatoria pública para a selección dunha praza de SECRETARIO/A XERAL.

As funcións a desempeñar polo cargo de Secretario/a Xeral abranguerán:

- A) As establecidas no artigo 68 do Regulamento do Consello Regulador Mexillón de Galicia (Orde da Consellería do Mar do 20 de marzo de 2019),
- B) A participación na planificación e no establecemento de obxectivos estratéxicos da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia xunto co órgano de goberno, de quen dependerá directamente,
- C) A organización interna e a dirección dos servizos do Consello Regulador,
- D) A execución dos acordos do Pleno e xestión externa, nomeadamente a comercial da DOP,
- E) O control das actividades en pos da consecución dos obxectivos establecidos

Este proceso de selección é un sistema que trata de identificar as persoas candidatas que mellor se adaptan ó posto de traballo, avaliando os coñecementos, habilidades, capacidades e actitudes, para comparalas coas requiridas para o posto de traballo. Con este sistema preténdese asegurar o axuste das persoas na realización das funcións e tarefas que se esixen desempeñar no posto de traballo, unha vez que se incorporen a este. A presente convocatoria terá en conta o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes polo referente ó acceso ó emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución Española, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo e o Acordo de Consello de Ministros de 20 de novembro de 2015, polo que se aproba o II Plan para a Igualdade entre mulleres e homes.

O proceso desenvolverase de acordo coas seguintes bases.

II. POSTO OFERTADO

Convócase proceso para cubrir unha praza de SECRETARIO/A XERAL.

III. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

1. Ter cumpridos dezoito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación ordinaria.
2. Estar en posesión do título de LICENCIADO/A OU GRADUADO/A en áreas económicas (Empresa, ADE, Economía) ou Dereito. Os/as aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ós aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ó amparo das Disposicións de Dereito Comunitario.
3. Estar en posesión do carné de conducir clase B e dispor de vehículo propio.
4. Dominio do idioma galego con acreditación mínima de certificado CELGA 4
- 5 Dominio do idioma Inglés con acreditación mínima de B2 ou equivalente
6. Experiencia mínima de 3 anos en postos de Administración e/ou Xestión en empresas vinculadas o sector alimentario ou pesqueiro.
7. Disponibilidade horaria e xeográfica (Anexo II)
8. Non padecer enfermidade nin estar afectados/as por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desempeño das funcións inherentes á praza.
9. Non ter sido separado/a do servizo por sanción disciplinaria, nin inhabilitado/a para o desempeño de funcións no sector público.
10. A falsificación de calquera dato ou documento aportado no proceso selectivo, será causa de eliminación da persoa candidata no propio proceso.

IV. SOLICITUDES

1. Quen desexe tomar parte nestas probas selectivas, deberá completar a solicitude segundo o modelo recollido no Anexo I desta convocatoria e dirixila ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

A solicitude e documentos adxuntos poderanse presentar:

a) directamente no rexistro do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, Edif. do Mexillón, Av da Mariña, 25, 36600 Vilagarcía de Arousa, de luns a venres en horario de 8 a 15 horas;

b) mediante correo electrónico validado con firma dixital, a info@mexillondegalicia.org

c) por correo postal dirixido ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia ao enderezo indicado no apartado a) anterior, debendo neste último caso comunicar previamente dito envío mediante o resgardo de correo coa data de imposición do envío, a través do correo electrónico á dirección: info@mexillondegalicia.org.

As persoas solicitantes haberán de consignar unha dirección de correo electrónico para a recepción das comunicacións en xeral.

A solicitude deberase acompañar das certificacións e xustificantes acreditativos recollidos na convocatoria.

2. Calquera solicitude que non cumpra os requisitos ou que cumpríndoos non chegase dentro do prazo, quedará anulada ós efectos da súa consideración no proceso de selección.

3. As persoas aspirantes quedarán vinculados ós datos que fagan constar na súa solicitude, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante tanto os erros descritivos, como a non comunicación durante o proceso de selección de calquera cambio nos datos da solicitude.

4. As bases desta convocatoria publicaranse:

a) No taboleiro de anuncios do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, e

b) na web: www.mexillondegalicia.org

5. Cando se aleguen equivalencias ou homologacións de títulos obtidos ou estudos cursados, ditas circunstancias deberán, así mesmo, acreditarse documentalmente. Noutro caso non serán tidas en conta.

6. A data de referencia para o cumprimento dos requisitos esixidos e a posesión dos méritos que se aleguen será o día que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

7. Á solicitude deberase acompañar copia ou fotocopia do seguinte:

- Documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor
- Carné de conducir clase B en vigor
- Currículo Vitae
- Titulación oficial esixida
- Titulación acreditativa dos idiomas
- Relación de méritos requiridos na convocatoria debidamente acreditados (Títulos, certificacións e diplomas, non sendo obxecto de valoración aqueles méritos alegados que non se acrediten documentalmente).
- Documentación acreditativa referida á experiencia laboral
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas (Anexo II)

IMPORTANTE: Para proceder a valorar a experiencia deberán presentarse conxuntamente os seguintes documentos:

- informe de vida laboral da Seguridade Social
- certificación da empresa que especifique os postos desempeñados e as funcións realizadas
- os contratos de traballo

8. Coa presentación da solicitude de participación a persoa candidata acepta as condicións establecidas nas presentes Bases, con pleno sometemento ás mesmas.

9. Formalidades dos documentos.

Os documentos acreditativos dos requisitos ou dos méritos adxuntos á solicitude poderán ser copias dos orixinais. Os orixinais de todos os documentos serán presentados para a súa comprobación no momento en que o Tribunal así o decida e sempre antes da adxudicación da praza.

Se nalgún momento do procedemento, se tivera coñecemento de que calquera aspirante non posúe algún dos requisitos esixidos pola presente convocatoria, o Tribunal, previa audiencia da parte interesada, acordará a súa exclusión, comunicándolle as inexactitudes ou falsidades que tiveran podido cometer. O Tribunal declarará a nulidade de actuacións das persoas candidatas que non presenten completa a documentación orixinal correspondente ou non acrediten a posesión dos requisitos esixidos, todo elo sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran podido incorrer por falsidade na solicitude inicial.

Todos os requisitos e circunstancias alegadas polas persoas concursantes deberán posuírse á data de finalización da presentación de solicitudes. O Tribunal non valorará aqueles requisitos que, sendo alegados na solicitude, non estean debidamente xustificadas antes da citada data.

10. Non serán obxecto de valoración aqueles méritos que non se acompañen á solicitude.

V. PRAZO DE PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. As persoas aspirantes disporán dun prazo de VINTE DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte á publicación destas Bases de convocatoria e do correspondente anuncio na páxina web: www.mexillondegalicia.org para a presentación de solicitudes.

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez revisadas, o tribunal, mediante resolución, aprobará as listas de persoas admitidas e excluídas ó proceso de selección con carácter provisional.

3. Coa publicación da citada resolución considerarase efectuada a correspondente notificación ás interesadas. Se non se emenda o defecto que tivese motivado a exclusión ou omisión, archivarase a solicitude sen máis trámite e non poderán seguir participando no proceso de selección.

4. As candidatas excluídas, disporán dun prazo de 5 días desde o momento da publicación da lista provisional, para poder emendar o defecto que tivese motivado a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos ou para efectuar as reclamacións que estimen oportunas. Ditas peticións de emenda presentaranse no Consello Regulador do Mexillón de Galicia dirixidas ao tribunal.

5. As reclamacións que se formulen contra a Resolución da lista provisional de admitidas e excluídas serán aceptadas ou rexeitadas por medio da Resolución que aprobe a lista definitiva.

6. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non presupón que se recoñeza ás candidatas a posesión dos requisitos esixidos na presente convocatoria. Se o tribunal tivera coñecemento de que algunha das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos, previa audiencia da interesada, deberá publicar resolución excluíndoa do proceso de selección.

VI. TRIBUNAL

1. O Tribunal estará formado por:

Presidente: Francisco Antonio Alcalde García

Vogal: Adelina María Solla Sanmartín

Vogal: Jose Luís Monteagudo Doval

2. O Tribunal reunirse á convocatoria do seu Presidente e se constitúe coa presenza da maioría dos seus membros. O Presidente terá voto de calidade para casos de empate nas decisións tomadas polo tribunal.

3. O Tribunal levantará acta de todas as súas actuacións e decisións formais.

4. O Tribunal ten a capacidade de valorar e interpretar todas as normas de procedemento e avaliación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección, incluíndo o contido das presentes bases.

5. Os membros do Tribunal absteranse de intervir no proceso, polas causas establecidas no Art. 24 de la Lei 40/2015, de 2 de outubro.

6. O Presidente poderá solicitar dos membros do Tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias antes mencionadas.

7. As persoas aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas en el Art. 24 da Lei 40/2015, do 2 de outubro. A recusación exporase por escrito, e nela expresarase a causa ou causas en que se funda. No seguinte día, o recusado manifestará ó Presidente do Tribunal se se da ou non nel a causa alegada. Se se dera o caso, o Presidente do Tribunal acordará a súa substitución. En caso de negativa do recusado sobre a causa alegada, o Presidente do Tribunal resolverá no prazo de tres días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso.

VII. PROCESO DE SELECCIÓN

A organización do proceso de selección correrá a cargo do Tribunal, que poderá estar auxiliado por unha empresa externa especializada en selección de persoal laboral de acreditada solvencia, incorporando os resultados das probas ou fases nas que participe ao expediente que haberá de avaliar.

O proceso, no que se poderá acadar como máximo acumulado 100 puntos, estará composto polos seguintes exercicios e probas, nas seguintes fases:

I. FASE DE EXERCICIOS E PROBAS

1. **PROBA PSICOTÉCNICA:** Consistirá na realización de un ou varios test dirixidos a determinar a personalidade e as aptitudes dos aspirantes para o desempeño das funcións a desempeñar.

A cualificación desta proba será de APTA ou NON APTA. As persoas aspirantes non aptas quedarán eliminadas do proceso.

2. **PROBA ESCRITA DE INGLÉS:** Consistirá nun texto de 50 preguntas adecuado ao nivel esixido (B2 ou equivalente)

A cualificación de esta proba será de APTA ou NON APTA. As persoas aspirantes non aptas quedarán eliminadas do proceso.

3. **ENTREVISTA PERSOAL:** Realizarase unha entrevista persoal á persoa candidata.

A cualificación de esta proba será de APTA ou NON APTA. Os persoas aspirantes non aptas quedarán eliminadas do proceso.

Nestas probas poderase acadar unha puntuación máxima de 45 puntos.

II. VALORACIÓN DE MÉRITOS (40 puntos máximo)

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

Por cada ANO de contrato formalizado en postos de Administración e/ou Xestión en empresas vinculadas ao sector alimentario ou pesqueiro, que teñan un contido relacionado, comparable ou adecuado ás funcións e perfil da praza a cubrir a criterio do Tribunal, e debidamente acreditado: 2 (DOUS) puntos.

Os períodos inferiores ó ano valoraranse en proporción á súa duración efectiva.

Podendo acadar unha puntuación acumulada máxima de 15 puntos.

IMPORTANTE: Para proceder a valorar a experiencia deberán presentarse conxuntamente os seguintes documentos:

- informe de vida laboral da Seguridade Social

- certificación da empresa que especifique os postos desempeñados e as funcións realizadas.
- contratos de traballo.

B) IDIOMAS

INGLÉS: Título C1 ou C2: 2.5 puntos

FRANCÉS e ALEMÁN ou outros idiomas oficiais comunitarios:

Título B2: 1.5 puntos

Títulos C1 ou superior: 2.5 puntos

Podendo acadar unha puntuación acumulada máxima de 10 puntos

Teranse en conta as equivalencias cos títulos dos diferentes organismos oficiais.

C) Coñecementos de institucións comunitarias europeas, por aplicación do seguinte criterio:

- Formación acreditada de ata 25 horas: 1 punto

- Formación acreditada de entre máis de 25 e 60 horas: 2 puntos

- Formación acreditada de máis de 60 horas: 3 puntos

Podendo acadar unha puntuación acumulada máxima de 10 puntos

D) Informática nivel usuario (OFFICE ou OPENOFFICE)

- Formación acreditada de ata 25 horas: 1 punto

- Formación acreditada de entre máis de 25 e 60 horas: 2 puntos

- Formación acreditada de máis de 60 horas: 3 puntos

Podendo acadar unha puntuación acumulada máxima de 5 puntos

III. ENTREVISTA FINAL CO TRIBUNAL

As 10 persoas candidatas que acaden as máis altas puntuacións pasarán unha entrevista final co Tribunal que asignará unha puntuación a cada aspirante.

Podendo acadar unha puntuación máxima de 15 puntos

VIII. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

1. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluído do proceso quen non compareza.

2. As probas serán sempre nalgún dos idiomas oficiais do territorio de Galicia.

3. O Tribunal poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade das persoas aspirantes. Así mesmo, se tivese coñecemento de que algún das aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, acordará a súa exclusión.

4. Concluída cada unha das fases do proceso, o Tribunal fará pública a relación de persoas aspirantes APTAS/NON APTAS, ou no seu caso, que tiveran alcanzado o mínimo establecido para superalo, con indicación da puntuación obtida.

5. O Tribunal fará públicas as súas resolucións mediante a súa publicación na web www.mexillondegalicia.org (nos apartados "Inicio/últimas novas" e "Comunicacións/Arquivo de novas") e no Taboleiro de anuncios do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, considerando efectuada a notificación as interesadas; ou se cadra, de forma potestativa o Tribunal pode acordar comunicar persoalmente mediante correo electrónico da interesada.

IX. CALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en todas as fases do proceso selectivo, conforme co indicado anteriormente.
2. A puntuación ordenada de maior a menor, determinará o número de orde obtido polas persoas aspirantes no proceso de selección.
3. No caso de empate nas puntuacións finais entre as persoas candidatas e ó obxecto de cumprir co descrito no punto anterior, terase en conta o seguinte para a orde final:
 - 1º.- Maior puntuación en probas psicotécnicas e inglés
 - 2º.- Maior puntuación en fase de Méritos

X. RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

1. O Tribunal emitirá a resolución provisional do proceso na que figurarán as puntuacións das persoas aspirantes aprobadas por orde de puntuación final.
2. Transcorridos os prazos previstos para emendar os defectos, se os houberse, o organismo correspondente resolverá a convocatoria e notificará, podendo publicar os/as candidatas/os reservas.
3. A Resolución elevarase ao Pleno do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, para a súa aprobación.
4. O Consello Regulador do Mexillón de Galicia resérvase o dereito a suspender a convocatoria en calquera momento, así como a deixar a praza sen adjudicar.
5. Unha vez iniciado o proceso de cobertura, todas as comunicacións, listados, documentos e normas aplicables derivadas da convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Consello Regulador do Mexillón de Galicia e na páxina web www.mexillondegalicia.org (nos apartados "Inicio/últimas novas" e "Comunicacións/Arquivo de novas")

XI. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, con domicilio na Avda. da mariña 25, Vilagarcía de Arousa, informa ás persoas candidatas que se presenten a este proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán utilizados exclusivamente para dito propósito, e lles recoñece a posibilidade de exercitar gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita a esta entidade. Os datos serán utilizados exclusivamente polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia e, no seu caso, pola empresa externa de selección de persoal á que se refire a Base VII.

Ditos datos non poderán ser cedidos a terceiros e serán protexidos para garantir a súa intimidade.

As persoas interesadas autorizan ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia a proceder ó tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web titularidade de dita entidade: www.mexillondegalicia.org.

As persoas candidatas, no momento en que soliciten ser incluídos neste proceso selectivo e acudan a realizar as probas que o conforman, prestan o seu consentimento expreso para esta finalidade.

Á finalización do proceso, as aspirantes que non sexan seleccionados disporán de 15 días contados dende a publicación da lista definitiva de resultados finais, para recoller


a documentación presentada coa solicitude de admisión. Finalizado este prazo procederáse á destrución de dita documentación.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Vilagarcía de Arousa a 14 de febreiro de 2020.

Francisco A. Alcalde García
Presidente

CONSELLO REGULADOR DO MEXILLON DE GALICIA
EDIFICIO DO MEXILLÓN –Avenida da Mariña, 25 · 36600, Vilagarcía de Arousa
Tel. 986 50 74 16 - info@mexillondegalicia.org

ANEXO I - Solicitud

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O POSTO DE SECRETARIO/A - DIRECTOR/A XERAL	 MEXILLÓN DE GALICIA Consello Regulador

D. /Dña. _____ con
D.N.I. _____, correo electrónico _____,
data de nacemento _____, con enderezo na rúa _____,
_____, nº _____ C.P. _____, localidade _____,
concello _____, provincia _____ Tfno. _____,

manifesta o desexo de participar no proceso de selección de persoal para o posto de Secretario/a Xeral do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, e a tal fin acompaña os documentos acreditativos sinalados cun X:


- Fotocopia DNI.
- Currículo vitae e fotocopias acreditativas
- Fotocopia do Título que acredita os estudos esixidos como requisito
- Fotocopia do carné de conducir
- Fotocopia de títulos, certificados ou informes segundo as Bases da Convocatoria:
- Outros: _____

En consecuencia SOLICITA ser admitido/a no proceso selectivo ó que se refire a presente e DECLARA baixo a súa responsabilidade que son certos os datos recollidos nela, que asume e acepta as bases establecidas na presente convocatoria, e se compromete a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Lugar, data e sinatura _____

CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA
EDIFICIO DO MEXILLÓN –Avenida da Mariña, 25 · 36600, Vilagarcía de Arousa
Tel. 986 50 74 16 - info@mexillondeg Galicia.org

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O POSTO DE SECRETARIO/A XERAL	 MEXILLÓN DE GALICIA Consello Regulador

D./Dna. _____, maior de idade, con DNI/NIE/PASAPORTE número _____,

Manifesta que desexa participar no proceso de selección para ocupar unha praza de SECRETARIO/A XERAL convocada polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- ter dispoñibilidade horaria e xeográfica para exercer dito cargo sen ningún tipo de limitación, consonte establecen as bases da convocatoria no punto III.7.

- Non atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións da praza á que concorre, nin estar separado/a ou ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario da prestación de servizos en calquera Administración Pública do Estado Español ou dos Estados Membros da Unión.

- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desempeño das funcións inherentes á praza,

E para que conste e xurda os efectos legais oportunos en relación coa convocatoria citada, asina a presente declaración responsable,

En _____, a ____ de _____ de _____.

Asdo.: _____